

ANEXO I

Resolución Reitoral de 15/11/2013, tramitación pagamento dos gastos derivados de desprazamentos que realicen as persoas alleas a esta universidade invitadas para impartir cursos, mestrados ou conferencias.



Para o pagamento dos gastos derivados de desprazamentos que realizan as **persoas alleas** a esta universidade invitadas para impartir cursos, mestrados ou conferencias, aplicábase o disposto na Resolución Reitoral de 29 de xullo de 1997, que recolle unicamente o aboamento dos gastos de quilometraxe en vehículo particular, coas mesmas condicións que se establecían no Decreto¹ 299/94 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Durante o período de tempo en que se aplicou esta Resolución, observouse que o contido tiña un carácter restritivo con respecto a gastos consecuencia destes desprazamentos, como o uso de medios de transporte urbanos, de tren ou de autocares empregados en traxectos curtos.

En atención ás dificultades de xestión destes gastos, postas de manifesto por algún centro de gasto,

RESOLVE:

Que o persoal alleo á Universidade da Coruña, que sexa invitado a impartir cursos, mestrados ou conferencias, poderá ser indemnizado:

1º) Por quilómetro percorrido cando para o seu desprazamento utilice vehículo particular, así como peaxes e aparcadoiros.

2º) Por gastos de desprazamento en traxectos curtos en tren ou en autobús, sempre e cando non sexa posible poñer a disposición destas persoas os billetes, previamente contratados por esta universidade. Os gastos xustificaranse coa presentación do recibo ou do billete.

3º) Por gastos de desprazamento en taxi ou noutro transporte urbano ou interurbano ata ou dende as estacións de ferrocarril, de autobuses e de aeroportos, sempre que xunten como xustificantes os recibos ou billetes.

Tanto para os importes como para o alcance dos gastos será de aplicación o Decreto 144/2001, do 7 de xuño sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 144/2011 do 26 de xuño e polo Decreto 96/2011 do 5 de maio.

Queda sen efecto a Resolución reitoral do 29 de xullo de 1997, sobre o pagamento de quilometraxe a persoal alleo á Universidade da Coruña que sexa invitado a impartir cursos, mestrados e conferencias.

A Coruña, 15 de novembro 2013

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

¹ Derrogado polo Decreto 144/2001, do 7 de xuño sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.